

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

RESOLUCIÓN do 30 de xaneiro de 2012, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se ordena o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo suscrito polas partes asinantes do Convenio colectivo do sector da lousa das provincias de Ourense e Lugo relativo á aprobación da táboa salarial para o ano 2012.

Visto o texto do acordo suscrito con data do 17 de xaneiro de 2012, entre o representante de FITAG-UGT-Galicia, José Paradelo Arias, e o vicepresidente e representante da Asociación Gallega de Pizarristas, Jesús Vidal Corcoba, asinantes do Convenio colectivo do sector da lousa das provincias de Ourense e Lugo, relativo á aplicación da revisión salarial para o ano 2012, e de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.

A Dirección Xeral de Relacións Laborais

ACORDA:

Primeiro. Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG núm. 222, do 18 de novembro).

Segundo. Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2012.

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Relacións Laborais

ANEXO

Os salarios establecidos no grupo 5.º para rachador, cortador, embalador e descargador de carros aplicaranse a aqueles traballadores que leven seis meses no desempeño do oficio, ata tal data o seu salario será o establecido para o auxiliar de oficios. Así mesmo, o salario establecido para o labrador aplicarase a aqueles traballadores que leven máis de

dous anos no desempeño do oficio, xa que ata un ano o seu salario será o establecido para un cortador e dun a dous anos o seu salario será o seguinte: salario base: 32,17 euros, complemento de asistencia: 13,59, e salario/mes: 1.250,49 euros.

O establecido neste punto sobre salarios leva consigo a aplicación dos respectivos grupos de cotización á Seguridade Social, en función del.

Os traballadores menores de 17 anos e os de 17 anos terán, respectivamente, os salarios seguintes: salario base: 29,99 e 30,26 euros, complemento de asistencia: 2,58 e 3,95 euros, salario/mes: 953,88 e 990,75 euros.

Táboa salarial do convenio colectivo da lousa do ano 2012

	Grupo prof.	Sal. base.	Complemento asis. D/T	Salario/mes	G.C.
G 1.	Licenciados	33,50	20,15	1.428,15	1
	Enx. superiores	33,50	20,15	1.428,15	1
	Enx. técnicos	33,40	19,74	1.416,54	2
	Graduados sociais	33,40	19,74	1.416,54	2
	Topógrafo	33,40	19,74	1.416,54	2
	Dtres. áreas e serv.	33,28	19,11	1.399,71	3
	Delineante	33,22	18,76	1.390,56	3
	Práctico topógrafo	32,82	16,81	1.337,61	4
	Axte. delineante	32,82	16,81	1.337,61	4
G 2.	Téc. administración	33,22	18,76	1.390,56	5
	Oficial adtvo. 1. ^a	33,05	18,15	1.372,65	5
	Oficial adtvo. 2. ^a	32,82	16,81	1.337,61	5
	Auxiliar adtvo.	32,62	15,78	1.309,98	7
G 3.	Encargados	32,82	16,81	1.337,61	3
	Mecánicos	32,62	15,78	1.309,98	8
	Electricistas	32,62	15,78	1.309,98	8
	Soldadores	32,62	15,78	1.309,98	8
	Fontaneiros	32,62	15,78	1.309,98	8
	Albaneis	32,62	15,78	1.309,98	8
	Aux. oficios	31,71	11,33	1.189,23	10
G 4.	Encargados	32,82	16,81	1.337,61	3
	Chofer	32,62	15,78	1.309,98	8
	Condutor de pa	32,62	15,78	1.309,98	8
	Barrenista/art	32,41	14,78	1.282,68	8
	Auxi. oficios	31,71	11,33	1.189,23	10

	Grupo prof.	Sal. base.	Complemento asis. D/T	Salario/mes	G.C.
G 5.	Encargados	32,82	16,81	1.337,61	3
	Conductor de carretilla	32,41	14,78	1.282,68	8
	Conductor de guindastre	32,41	14,78	1.282,68	8
	Serrador	32,41	14,78	1.282,68	8
	Labrador	32,41	14,78	1.282,68	8
	Rachador	31,98	12,48	1.221,48	9
	Cortador	31,98	12,48	1.221,48	9
	Embalador	31,98	12,48	1.221,48	9
	Distrib. ración	31,98	12,48	1.221,48	9
	Desc. carros	31,98	12,48	1.221,48	9
	Limpadora	31,71	11,33	1.189,23	10
	Auxi. oficios	31,71	11,33	1.189,23	10